


ies neira vilas



PLAN LECTOR DO CENTRO

Proxecto Lector do Centro Xosé Neira Vilas.

Curso 2010-2011

Índice

I.	INTRODUCCIÓN	2
1.	O PLC na lexislación vixente.....	3
2.	Que é o PLC?.....	4
II.	ANÁLISE DE NECESIDADES.....	6
1.	Características do contorno social do centro.....	6
2.	Análise das prácticas lectoras do alumnado do IES.....	8
3.	Actividades de promoción e fomento da lectura desenvolvidas no centro.....	12
III.	CARACTERÍSTICAS DA BIBLIOTECA.....	14
1.	Espazo e instalacións da biblioteca.....	14
2.	Fondo bibliográfico e documental.....	15
3.	Integración da biblioteca no PEC.....	15
4.	Adaptación da biblioteca ás necesidades da comunidade educativa.....	16
IV.	OBXECTIVOS E FUNDAMENTOS DO PLC.....	18
1.	Obxectivos.....	18
2.	Fundamentos.....	18
3.	Metodoloxía de lectura na aula.....	19
4.	Tempos de lectura na aula.....	19
5.	Coordinación do PLC.....	21
6.	A biblioteca como centro do PLC.....	22
V.	O PLAN ANUAL DE LECTURAS.....	23
1.	Organización.....	24
2.	Difusión.....	24
3.	Recomendaciós e suxestións.....	24
VI.	O PAPEL DAS FAMILIAS NO PLC.....	25
VII.	INTEGRACIÓN DAS TIC.....	27
1.	Utilización de Interne como fonte de información.....	28
2.	Actividades con medios audiovisuais.....	28
VIII.	SEGUIMENTO E AVALIACIÓN.....	29
1.	Por que avaliar.....	30
2.	Cando e que avalia.....	30
3.	Que avaliar.....	30
		31

I. INTRODUCCIÓN.

3

1. O Proxecto Lector de Centro na lexislación vixente

- A L.O.E. recolle múltiples referencias ás bibliotecas, á importancia pedagóxica da lectura e os plans de acción sobre estes temas no centro
- Decreto 133/2007, do 5 de xullo, (DOG 13 XULLO) polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obligatoria na Comunidade Autónoma de Galicia:

ART. 5. CURRICULO: "A lectura constitúe un factor primordial para o desenvolvemento das competencias básicas. Os centros docentes garantirán na práctica docente de todas as materias un tempo dedicado á lectura en todos os cursos da etapa, de acordo co proxecto lector do centro, ao constituír a lectura un factor esencial para o desenvolvemento das competencias básicas.
- Unha cousa é o Proxecto Lector de Centro e outra o Plan Anual de Lecturas: "O proxecto lector de centro será a referencia para a elaboración de programas ou plans anuais de lectura, que se incluirán na programación xeral anual. O seu deseño e posta en marcha son competencia de todo o equipo docente e estarán coordinados preferentemente pola persoa responsable da biblioteca escolar" (ANEXO Vdo citado decreto)
- O Proxeitor Lector do Centro debe constar (Anexo V.) :
 - I. Significado,
 - II. Responsables,
 - III. Obxectivos e Fundamentos.
 - IV. Seguemento e Avaliación
- O PLC será aprobado polo Claustro de profesores e polo Consello Escolar do centro, unha vez informados convenientemente do seu contido.
- A CCP supervisara o Proxecto Lector, valorando a súa idoneidade e fará o seguimento do Plan Anual de Lecturas

- O PLC difundirase a través da páxina web do Instituto (...) e estará a disposición de toda a comunidade educativa que o queira consultar

2. Que é o proxecto lector de centro (plc)?

- Comezaremos dicindo o que non é: Dende logo non pode consistir en reservar dentro do horario de cada materia un tempo específico e descontextualizado para ler. Todo o contrario. O Proxecto Lector do Centro procurará a creación dun ambiente e de momentos propicios para a práctica da lectura ao longo de todo o curso, de tal xeito que esta pase a estar presente na vida dos escolares. Para acadar iso é fundamental a implicación e cooperación do profesorado do centro, cada un dende a súa materia e o seu nivel, para motivar ao alumnado cara a práctica lectoescritora
- A finalidade do Plan Lector é o fomento do hábito de ler e escribir entre o alumnado cara a aumentar a súa comprensión lectora e a súa capacidade de expresarse mediante a escrita. O PLC debe promover actuacións orientadas a lectura de libros, mais non só. Tamén é preciso potenciar a lectura de textos electrónicos e en outro tipo de soportes. É dicir, fomentar a lectura con diversos obxectivos: Favorecer a consulta de diferentes fontes de información, o desenvolvemento de proxectos, a realización de traballos de investigación, etc.
- O proxecto lector do centro debe propiciar tamén a participación das familias na creación dun ambiente lector no centro e fora do centro, prolongando este máis alá do límite das aulas. Por iso, resulta fundamental a elaboración de actuacións que teñan como obxectivo a implicación das familias, de facelas protagonistas activas cara a desenvolver hábitos lectores arraigados no alumnado, mediante a lectura na casa, a utilización de bibliotecas públicas, etc.
- Igualmente, desde o PLC débese impulsar a colaboración con outras institucións que teñan o mesmo obxectivo, como as bibliotecas públicas, librerías, concello, fundacións especializadas, etc.
- Tamén debe servir como elemento compensador de desigualdades

- socioeconómicas, facendo que os menos favorecidos poidan acceder tanto aos libros como ás tecnoloxías da información e da comunicación.
- Finalmente, en canto ao contido, o proxecto lector de centro debe contemplar os elementos, condicións, actividades e intevencións ordeadas a longo do curso no Plan Anual de Lecturas e encamiñadas a promover e desenvolver a lectura en e dende o propio centro educativo.

II. ANÁLISIS DE NECESIDADES : CONTEXTO ESCOLAR DO CENTRO EDUCATIVO

1. Características do contorno social do centro

O IES Xosé Neira Vilas atópase no Concello de Oleiros, situado na península que separa as rías de A Coruña e Betanzos. Concretamente na marxe dereita da ría do Burgo. É un dos municipios da área metropolitana de A Coruña que se ten convertido nunha grande área residencial debido á proximidade e as boas comunicacións que existen coa capital. Ten unha superficie de 43,8 km² e unha poboación de 32.381 habitantes (Fonte: INE – 2008)

O Municipio de Oleiros está formado por nove parroquias: Dexo, Dorneda, Iñás, Liáns, Maianca, Nós, Oleiros, Perillo e Serantes. Cada parroquia está constituída por varias unidade singulares de poboación denominadas "aldeas" ou "lugares", que chegan a ser 92 no municipio de Oleiros, existindo, ademais, numerosas casas ailladas. Esta dispersión de poboación é típica en Galicia pola súa configuración xeográfica. A parroquia más poboada é Perillo (onde se asenta o I.E.S., e máis de ¼ da poboación municipal), sendo tamén a que experimentou un maior crecemento de poboación. Esta parroquia pode ser considerada semiurbana, e nela asentouse nos últimos anos unha colonia de inmigrantes moi notable, sobre todo de orixe sudamericano, predominando as familias de nacionalidade brasileira.

Tradicionalmente a poboación deste municipio dedicábbase a actividades laborais do sector primario, dada a riqueza pesqueiro-marisqueira das súas costas e a boa productividade das súas terras. A progresiva terciarización do municipio nos anos 70 fixo que desapareceran máis do 60% da explotacións gandeiras, e no 2010 pódese dicir que o peso do sector primario na economía do municipio é inexistente. Xa nos anos 70 as parcelas eran de pequeno tamaño tendo un 93% menos de 0,5 hectáreas; daquela cultivábase sobre todo pataca, millo, herbais e pastizais. Actualmente xa non hai gandeiría .

As industrias principais están na zona sur do municipio. Foi nas décadas dos anos 60 e 70 cando se instalaron ao longo da estrada N-VI (Madrid- A Coruña) a maior parte das escasas industrias existentes no municipio: formigón, pensos, metalgrafitas... así como obradoiros, almacéns e algunas instalacións comerciais (automóbiles, mobles...).

Nesta mesma tónica pódese apreciar un alto grao de concentración de servicios de hostelería nos núcleos costeiros como Santa Cristina, Santa Cruz e Mera.

Por outra banda, non podemos deixar de anotar que este, pola súa proximidade a capital, é un Concello residencial para moitas familias, que teñen a fonte dos seus ingresos en actividades laborais que desenvolven na capital ou en municipios próximos (Arteixo, Betanzos, ...), cun sector secundario moito maior.

Tendo en conto o inmenso aumento da poboación do concello de Oleiros nos últimos 30 ou 40 anos , temos que distinguir entre: a) a poboación tradicional, asentada con concello dende antigo, que habitan as vellas aldeas e lugares das parroquias; b) a poboación que habita en urbanizacións de casas adosadas, pareadas ou casas ailladas con xardín, cun nivel económico medio-alto, alto e ainda moi alto, cun nivel cultural acorde coa súa situación económica, e que se foi instalando no municipio ao longo desde últimos anos. e c) a poboación que vive en apartamentos ou pisos ao longo da nacional VI, nas parroquias de Perillo e Nós, onde xa se mestura moito más a poboación que vai dende a clase media media ata a clase proletaria, cunha relativamente recente presenza de inmigrantes. Estes últimos están a sufrir nestes tempos un grave deterioro na súa situación económica, e agora mesmo empeza haber un nivel de paro alto entre eles.

O nivel económico das familias do noso alumnado é moi variable, non podendo trazarse un único perfil, pois se, por unha banda, moitas das familias dos nosos alumnos e alumnas pertence a clase media, como corresponde a poboación característica da nosa zona de influenza, por outra, como xa dixemos, tamén contamos cunha grande poboación de alumnos de orixe inmigrante, cunha economía moi más precaria, salarios baixos e con pouca estabilidade laboral. De feito, podemos considerar que o tipo de poboación c) é a que se corresponde más coas familias dos nosos alumnos.

Valores e hábitos familiares.

Están en relación co anterior e tampouco neste apartado temos un único perfil: Dende as familias moi preocupadas polos estudos dos seus fillos, que xeralmente teñen aspiracións universitarias, con hábitos lectores arraigado e uso das tecnoloxías da información de da comunicación, ata as familias que ao proceder doutros contornos económicos, sociais e culturais ou ben teñen aspiracións más limitadas a sobrevivir e darles aos seus fillos unha saída profesional, ou ben teñen coma finalidade retornar aos seus países de orixe. En xeral, o nivel cultural depende da situación económica -só cando

as necesidades básicas están satisfeitas podemos ocuparnos da cultura-, e polo tanto tamén as habilidades lectoescritoras.

No contorno próximo ao Instituto, na parroquia de Perillo, o Concello de Oleiros dispon da *Biblioteca Central Rialeda* biblioteca notable, dende a que se programan multitud de actividades para os nosos xovenes, algunas delas en colaboración co noso centro

2. Análise das prácticas lectoras do alumnado.

Por tanto, interesa el análisis de las situaciones de partida del alumnado (hábitos lectores, experiencias lectoras y escritoras, posibilidades de acceso a los libros, relaciones con los libros, ambientes y climas en los que el libro esté o no presente, uso, frecuencia de acceso y contenidos más utilizados de la Internet...), del profesorado (conocimiento de literatura infantil y juvenil y de libros informativos y documentales para todos los niveles, de estrategias de comprensión lectora y de fomento de la lectura/escritura, de actividades para la elaboración de trabajos de investigación y documentación, de los recursos idóneos para apoyar la acción mediadora del profesorado...), de los sectores implicados y del contexto de trabajo (disponibilidad de los padres y madres, espacios, bibliotecas, librerías, personas con las que contar, administraciones de apoyo, información

Dende a perspectiva anterior e co obxecto de facer un análise das principais carencias e dificultades relacionadas coa competencia lectoescritora do alumnado do Xosé Neira Vilas no contexto educativo e no contorno sociocultural no que se ubica o centro, realizamos dúas enquisas: Unha dirixida ao alumnado e outra ao profesorado. A primeira permitenos ter unha visión de conxunto das principais carencias (ou das virtudes) do noso alumnado. A segunda, permitenos saber os obstáculos fundamentais, relativos ao tema que nos ocupa, cos que se confronta o profesorado do centro. Ambas as dúas deberían permitir acomodar a nosa estratexia cara a remediar as dificultades e a promover prácticas que xeren hábitos lectores entre o noso alumnado.

**ENQUISA SOBRE OS HÁBITOS LECTORES DO ALUMNADO DO IES
XOSÉ NEIRA VILAS (expresada en %)**

Gústache ler? Les con frecuencia?	1º ciclo	2º ciclo	ESO
Moitísimo: Leo polo menos unha hora ao día	7	5	6
Moito: Leo case todos os días un rato	17	23	20
Bastante: Leo os libro que me recomandan	28	29	28
Algo: Leo cando non teño outra cousa que facer	33	29	31
Nada: Non leo nunca, agás a lectura obligatorias	16	14	15

Vas con frecuencia á biblioteca do concello?	1º ciclo	2º ciclo	ESO
Con moita frecuencia, todas as semanas ou case	25	20	23
Ás veces, cando vou na procura dalgún libro ou similar para facer un traballo	45	51	48
Case nunca, só cando non teño outra cousa que facer	14	18	16
Nunca, non me gustan as bibliotecas	16	11	14

Visitas a bibliotecado centro por iniciativa propia?	1º ciclo	2º ciclo	ESO
Si, todos os días nos tempos de lecer	11	11	11
Ás veces, cando vou na procura dalgún libro ou similar para facer un traballo	46,05	59,26	52
Case nunca, só cando non teño outra cousa que facer	22	15	19
Nunca, non me gustan as bibliotecas	21	15	18

Entras nas librerías a mercar libros?	1º ciclo	2º ciclo	ESO
Si, moitas veces, xa sexa só ou acompañado/a dun adulto/a	11	15	13
Ás veces, cando vou na procura dalgún libro	34	41	37
Case nunca, só cando teño que mercar algún libro de lectura obligatoria	40	33	37
Nunca, non me gustan as librerías	15	11	13

	1ºciclo	2ºciclo	ESO
Cantos libros les ao mes?			
Máis de catro	3	7	5
De dous a catro	21	19	20
De un a dous	57	57	57
Ningún	20	17	18

	1ºciclo	2ºciclo	ESO
Cantos libros haberá na túa casa?			
Máis de douscentos	28	50	38
Máis de 50 e menos d 200	36	22	29
Máis de 10 e menos de 50	17	22	19
Entre 0 e 10	20	6	14

	1ºciclo	2ºciclo	ESO
Quen le más na túa casa?			
Miña nai.	37	56	45
Meu pai	25	19	22
Meu irmán	9	9	9
Miña irmá	9	7	8
Miña avoa			
Meu avó	3	2	2
Ninguén le nada	16	7	12

	1ºciclo	2ºciclo	ESO
Na túa familia, ledes todos xuntos algunha vez?			
Frecuentemente hai algún momento dedicado á lectura	3	4	3
Algunha vez, cando non poñen nada interesante na tele	8	13	10
Case nunca, cada un le no seu cuarto	66	66	66
Nunca, a miña familia non lle gusta ler	24	17	21

Enquisa para o profesorado do Xosé Neira Vilas

Defectos de lectoescritura detectados entre o alumnado de ESO do IES Xosé Neira Vilas	%
Incomprensión xeral do sentido do texto	
Pobreza semántica alarmante	
Incapacidade para recoñecer as ideas fundamentais	
Dificultades para á interpretación de datos, etc.	
Incapacidade de atopar contidos implícitos	
Incapacidade de establecer relacóns con outros textos	
Reflexión sobre o lido incompletas e pobres	
Discurso oral atrofiado e/ou pobre	
Non saben extraer conclusóns	

Datos relevantes da enquisa do alumnado:

Case un 46 % do noso alumnado **non le nunca ou case nunca**; en calquer caso nunca polo prazer da lectura.

Arrededor do 21 % das familias **non lles gusta ler**: Un pouco menos do noso fracaso escolar.

Coherentemente, un 18 do noso alumnado confesa **non ler nada**, nen os libros obligatorios.

Nun 33 % das casas dos alumnos **hai menos de 50 libros**. Un 37% dos nosos alumnos non vai **nunca ou case nunca a biblioteca do centro**. (A do concello é máis visitada pero polos computadores),

3. Descripción das actividades de promoción e fomento da lectura desenvolvidas no centro: prácticas didácticas do profesorado e aspectos organizativos e culturais do centro.

a) En xeral, os profesores e as profesoras de Ensino Secundario, e o profesorado do IES Xosé Neira Vilas non é unha excepción, temos a idea errónea de que todos os alumnos saben ler, comprender e interpretar un texto, ou, polo menos, de que deberían saber e de que se non saben facelo cando chegan a ESO, non é culpa súa.

Igualmente tendemos a pensar que a lectura e a escritura é cousa dos departamentos de lingua española e lingua galega, sen darnos conta de que o dominio da lecto-escritura é o fundamento para adquisición de calquer saber, sexa cal sexa, e que, polo tanto, é algo que compete a todos os departamentos

b) Aínda que é verdade que no centro temos unha biblioteca á que o alumnado pode acudir en calquier momento e o no contorno no que se situa o Instituto está dotado dunha excelente biblioteca municipal á que o noso alumnado pode ir cando queira, que, polo tanto, teñen un fácil acceso tanto aos libros como as TICs. En moitos casos o profesorado non comprende que temos case un 25% de alumnos inmigrantes aos que non lles costa moito traballo usar os medios tecnolóxicos, pero si a lectura e/ou escritura en español ou galego. Así como un número significativo de alumnos, españois ou non, que rexeita a lectura e a escritura (ver resultados enquisa) porque para eles é un sufrimento, pois non comprenden o que len.

c) Por iso mesmo, en xeral, non se programan actividades explícitas de lecto-escritura, e se se fai non se fai con regularidade e tampouco se cualifican nem se teñen en conta para a avaliação final.

Agora ben, a realidade desminte curso tras curso aqueles supostos -os últimos datos da avaliação diagnóstica fanno ver unha realidade que os contradí totalmente-. Compre, pois darrle solución a este problema, que se nos presenta como un desafío, lembrar o que di o Informe PISA sobre a lectura, e implicarnos todos para conseguir que o noso alumnado lea e escriba ata conseguir os obxectivos alí marcados.

d) O Instituto Xosé Neira Vilas non se contentan con levara a cabo o seu labor

lectivo e aspira a ser un centro cultural, lúdico e atractivo para os alumnos, un centro no

13

que haxa vida fora das aulas -e citamos o PEC-, no que se facilite a realización no centro de actividades culturais que complementen a formación académica e reglada : a Semana Intercultural, a Festa das Letras Galegas, o Entroido, etc. así como actividades complementarias e extraescolares como base dun proceso de aprendizaxe continuo, de xeito que viaxes, intercambios, exposicións, conferencias e outros métodos de aprendizaxe están incorporados de xeito habitual e amplio ás programacións didácticas dos distintos departamentos.

Mais, ata agora só temos conseguido o fomento e promoción de hábitos lectoescritores a través da biblioteca e do clube de lectura, cousa nada desdeñable, mais insuficiente. Xa é hora de que o profesorado tome conciencia das carencias lectoescritoras do noso alumnado e a promoción de hábitos lectoescritores apareza nas programacións dos distintos departamentos, se cualifiquen e se avalien.

III. CARACTERÍSTICAS ACTUAIS DA BIBLIOTECA ESCOLAR

(Funcionamiento da biblioteca escolar).

La lectura en cualquiera de sus funciones tiene en la biblioteca uno de sus espacios más naturales para educar en la lectura y en el dominio autónomo de los caminos de acceso a la información y a su selección, reto educativo absolutamente imprescindible en una sociedad como la actual en la que el crecimiento de la información de la que se dispone no deja de aumentar de forma espectacular, a la vez que se multiplican las formas de acceder a ella.
 (COLOMER, T. y CAMPS, A, 1996)

1. Espazo e instalacións da biblioteca do Xosé Neira Vilas

a) O espazo

O IES conta cun espazo destinado exclusivamente á biblioteca escolar do centro, cunha superficie de 90 metros cuadrados, idóneo para os servizos que presta xa que é de fácil acceso dende calquier punto do centro ao está integrado entre as aulas e ten boa luz natural.

O espazo divídese do seguinte xeito:

- Zona de xestión e préstamos
- Expositor de novedades
- Zona de lectura
- Zona de audiovisuais
- Zona de informática
- Zona de lectura informal (revistas, comics, etc.)
- Zona de traballo en grupo

b) O mobiliario

- Andeis abertos nos que se expoñen os libros e os outros materiais da biblioteca
- Mesas e cadeiras, todas iguais para alumnos
- Mostrador da área de xestión

- Cadeira de brazos para os responsabeis da bibliotecado
- Mesa baixa e butacas na zona de lectura informal

2. Fondo bibliográfico-documental: Recursos materiais

Na actualidade [inicios curso 2009-2010] temos rexistrados 10086 documentos, mais 174 libros, 33 filmes e 22 DVD sen rexistrar, que fan un total de 10 304 (9.654 no curso 08-09, 9.145 no curso 07-08, 8.345 no curso 06-07 e 7.684 no curso 2005-06), dos que aproximadamente un 95% foron adquiridos, e un 5 % proceden de doazón de entidades públicas e privadas.). Supoñen 650 máis que no curso pasado, mantendo a liña ascendente de gasto : 800 incorporacións no anterior, e 697 hai dous cursos. (hai que facer constar que aínda temos orzamento comprometido por gastar, pois non se cerrou o exercicio económico). Nas incorporacións tratamos de compensar os desequilibrios existentes detectados e recollidos no último informe, e cubrir todo o espectro e en todos os soportes (cine, libros de lectura en aula, cómics, libros consulta, música, actualizacións nalgunhas áreas curriculares, revistas ...), incluíndo libros apoiando a atención á diversidade, e procurando que o 50% dos fondos estean en lingua galega(...). Tamén hai libros en outros idiomas, sobre todo en francés e en inglés. Para rematar esta exposición, sinalaremos que no tocante á proporción dos fondos, actualmente os libros de consulta e non ficción suman algo menos do 50% do total, correspondendo o resto aos de creación literaria.

Co fin de actualizar a consulta e facilitar ao alumnado o acceso autónomo á información temos establecida un área de consulta informática coa seguinte dotación:

4 computadores uso alumnado

2 de xestión de bilblioteca

2 impresoras

1 escaner

A xestión dos fondos documentais, audiovisuais (un televisor, videogramadora, grabador de DVDs, unha radiomagnetofón) está centralizada na biblioteca, á que neste curso se incorporaron fondos non directamente destinados á docencia, que estaban depositados nos Departamentos didácticos, nun proceso tendente ao seu mellor aproveitamento. Esta incorporación forma parte do obxectivo de inventariar todos os

fondos e depositalos na biblioteca (agás os relacionados coa docencia, que por

16

operatividade poderán depositarse nos Departamentos, temporalmente ao cargo dun profesor, ou os que se considere deben quedar depositados como dotación nas aulas materia que se implantaron no pasado curso)

Por outra banda, en canto a selección de recursos, o coordinar do Plan de Lecturas establecera os criterios de selección de recursos seguindo os seguintes criterios:

- Actualizar e equilibrar os fondos bibliográficos: ficción e información
- Adecuar os fondos aos diferentes niveis lectores

Seleccionar recursos diversos: audiovisuais, informáticos, bibliográficos, periodísticos, etc.
(Para máis información ver memoria da biblioteca)

3. Integración da biblioteca no proxecto educativo de centro.

Os cambios experimentados na nosa época, cando se está a constituir a sociedade da información e do coñecemento, fai que se fagan necesarios cidadáns dotados de destrezas para o acceso rápido a fontes de información, para a selección crítica de información e para a construción autónoma de estratexías e coñecemento. Dende esta perspectiva a biblioteca do centro é un recurso moi aproveitável, senón imprescindible, por canto é un espazo privilexiado para achegarse tanto a lectura de textos literarios coma doutro tipo, audiovisuais ou multimedia.

Por outra banda, a biblioteca é unha peza básica para o desenvolvemento do PEC, tanto como elemento didáctico e cultural como por que asegura a igualdade de oportunidades entre o alumnado, facendo accesibeis a todos os medios de formación cultural e tecnolóxica.

4. Adaptación da biblioteca ás necesidades da comunidade educativa: Recursos humanos e actividade pedagóxica.

a) O primeiros paso da adaptación da biblioteca ás necesidades do alumnado consistiu en nomear un equipo e un encargado da biblioteca. Dende o curso 2008-2009 a biblioteca do centro está atendida por un Equipo de Biblioteca, actualmente composto por 9 persoas, unha das cales é, con 8 horas de dedicación, a responsable da mesma, mentres que as outras 7 teñen unha dedicación que oscila entre as 3 horas e 1 hora (ver Memoria Biblioteca 2009-2010)

b) Para facilitar o acceso aos fondos e servizos da biblioteca, está aberta total de xxx horas en horario lectivo, segundo consta na entrada da mesma. Agora ben, o equipo de Dirección tratará de que o horario de apertura deste servizo sexa o máximo posible ata o ideal de estar aberta todo o horario lectivo, mais isto sempre estará supeditado ao desenvolvemento normal da actividade lectiva propiamente dita. Con este fin tratarase tamén de que o horario do responsable da biblioteca sexa o máximo posible, e de que as gardas de biblioteca estean preferentemente asignadas ao profesorado que perteza ao equipo de biblioteca.

c) Coa pretensión de fomentar a lectura pola lectura, amais do "Tempo de ler" ou "Hora de ler" que institúe este Proxecto, o centro ten recollido no seu proxecto educativo (PEC) iniciativas que habilitan horario con este fin -tempo para ler-, empregando horas de titorías, atención educativa, ..., e que permiten ao alumnado achegarse a biblioteca en horario lectivo. Pola súa banda, a Biblioteca ten tamén diseñado un sistema para achegar libros e material de lectura diverso ás aulas e ao alumnado en xeral.

Deste xeito, sempre se poden levar a biblioteca grupos de alumnos, en horario lectivo, para realizar traballos, consultas, etc.

Asemade, poden acceder á biblioteca grupos de alumnos (ata un máximo de 10) que non teñan actividade lectiva para realizar lectura lúdica ou informal (e tamén, claro está, para realizar actividades académicas), sempre acompañados polo/a profesora de garda.

E en ningún caso, a biblioteca pode funcionar como aula de castigo, como aula para alumnos de conducta disruptiva ou como lugar para acoller ao alumnado "expulsado" da aula polo profesor.

d) En canto ás actividades que organiza a biblioteca: ver Memoria da Biblioteca 2009-2010

IV. OBXECTIVOS E FUNDAMENTOS.

A partir das conclusións extraídas do estudo da tipoloxía do noso alumnado e das súas familias (::), das carencias do noso alumnado e das prácticas do profesorado (::), chégase á necesidade de elaborar un programa de actuacións que posibilite paliar, correxir e mesmo anular a deficiente formación lectoescritora do alumnado do Neira Vilas, de tal xeito que lle permita acadar aqueles obxectivo que marca a LOE, o Decreto 133/2007 da ESO galega e o informe PISA

1. Obxectivos

O proxecto PISA, di, acerca da *NATUREZA da lectura*:

- 1º) É una CAPACIDAD complexa: que contribúe ao desenvolvemento de todas as capacidades humanas. Neste sentido é moito máis que unha mera decodificación do material impreso.
- 2º) Que ler é comprender textos, non quedarse na superficie da literalidade. Ou sexa, ler é captar o significado e o sentido do contido dun texto escrito de forma persoal.
- 3º) Que lectura implica o uso e empleo da información. Polo tanto, coñecementos previos e interacción coa información: seleccionala, resumila,
- 4º) Que a lectura fai posible a reflexión persoal, tanto sobre aspectos formais como reflexións críticas sobre o contido. Ou sexa, que é o auténtico contido do pensamento.

E este é un bo punto de arranque para fixar tres obxectivos básicos:

- a) Mellorar as habilidades lectoras e escritoras do alumnado ata que este se sinta dono e señor dos textos.
- b) Mellorar a comprensión de textos e informacións de todo tipo, de tal xeito que o alumno non se sinta distanciado dos libros, periódicos, páxinas web e todo canto soporte leve letra impresa.

- c) Incrementar a motivación cara a lectura e a escritura daquel alumnado que áinda non se sinta atraido pola lectura, facer que goze e disfrute coa lectura, incluso coa escritura

2. Fundamentos.

Que a lectura e a escritura é un elemento primordial e transversal de todas as materias do currículo é xa un tópico, que non por máis repetido deixa de ser más certo. Polo tanto:

- a) O alumnado debe ler na clase, durante as horas lectivas, polo que debemos establecer os fundamentos dun traballo coordinado de lectura e escritura en todas as materias.
- b) O profesorado debe implicarse en cantas actividades supoñan o incremento das capacidades lectoescritoras do alumnado
- c) Tamén é preciso que se impliquen as familias, pois só coa súa colaboración se poden afianzar os hábitos e capacidades traballados no Instituto.
- d) Potenciar áinda máis, se cabe, o papel da biblioteca do centro e a do concello, ata que o alumnado se sinta nelas coma na casa, incluso mellor, pois que aí pode dispor de materiais, libros, computadoras, medios audiovisuais, dos que na casa igual non pode. Deste modo, a biblioteca, ademais, cumpre con aquela función primordial de equilibrar oportunidade de acceso a cultura.

3. Metodoloxía de lectura na aula

- a) A consecución de ambientes lectores incide positivamente nas aficións lectoras do alumnado e na lectura como práctica continuada. Segundo un estudo realizado no ano 2004, “para convertirse en lectores de por vida, os alumnos e alumnas deben ter:
 - Acceso a extensas coleccións de libros e outros materiais impresos actualizados, de calidade e de alto interés nas súas bibliotecas escolares, salas de clase e bibliotecas públicas
 - Contactos con adultos que lean de forma regular e ampla que sirvan de modelos lectores positivos

- Profesores que demostren o seu entusiasmo mediante a lectura en voz alta e conversen acerca de libros
- Tempo durante a xornada escolar dedicado á lectura por placer, información e exploración....”

Dende esta perspectiva, é fundamental potencias as bibliotecas de aula e o transporte de libros dende a biblioteca do centro á aula por medio do expositor itinerante que recientemente adquiriu a biblioteca do centro

b) A cantidade e frecuencia das lecturas que o *Plano Anual de Lecturas* motive poderán ser obligatorias ou non

- Pero xamais deberán selo en canto a títulos e autoras ou autores
- Títulos e autorías terá que escollelos libremente cada alumna-lectora e alumno-lector
- A súa motivación esencial será o pracer na lectura
- Por esa razón, a liberdade de escolla debe de ser a premisa fundamental
- Con todo, logo dunha fase inicial de familiarización, os profesores implicados poden procurar orientar –nunca coaccionar— os lectores e as lectoras a escoller textos relacionados coa materia da que son profesores.
- Tamén se poden facer suxestións para a lectura e escritura en galego en virtude da súa falta de hábitos lectores en galego, en concordancia coas perentoria necesidade de normalización dun alumnado que case na súa totalidade emprega o español en case todos os ámbitos . Para cumplir con este orientación, é indispensábel que a oferta da biblioteca sexa suficiente, moi particularmente en textos traducidos desde linguas extrapeninsulares. É imposíbel falar de liberdade de escolla verbo da lingua cando un texto está dispoñíbel só nunha lingua.
- Dentro da absoluta liberdade de escolla, procurará practicarse un seguimento da actividade facendo a lectoras e lectores cubrir –en forma desenfadada, informal e creativa— fichas que motiven:

* a reflexión sobre o lido

* o seu óptimo aproveitamento

* a motivación de impulsos creativos que induzan a

reforzar, modificar e analizar o lido.

* a activación de mecanismos críticos

- A pesar da reiteración sobre a necesaria liberdade de elección, debe establecerse un nivel mínimo de calidad e dificultade (por exemplo, revistas e periódicos amarelos non, ...)
- .c) O profesorado, en tanto que director das lecturas na aula, debe comenzar coa lectura de textos breves e ir avanzando paulatinamente cara a lectura de textos más complexos. Agora ben:
- Non dará nunca por suposta a comprensión do texto e das palabras que contén.
- Fará preguntas ao alumnado para verificar a comprensión da lectura
- Ensinará a manexar o diccionario
- Ensinará estratexias, tales como a aprehensión do significado por medio do contexto, etc., para que o alumnado comprenda por si mesmo o significado das palabras.

4. Tempos

Co obxecto de crear ambientes lectores, establecerase un tempo -acorde coa lexislación vixente e a determinar pola CCP no Plan Anual de Lecturas- adicado á lectura diaria silenciosa en todas as materias, repartido de forma proporcional ás horas semanais das materias. Con este fin confeccionáranse horarios trimestrais que figurarán expostos na porta en todas as aulas, a carón do horario de aula. Este tempo organizarase segundo as seguintes normas:

- Durante este tempo non se poderá facer deberes nen ningunha outra actividade que non sexa a lecturas.
- Se un día non se poidera ler no tempo que lle corresponde á lectura na aula, deberase cambiar para outro día no horario da mesma materia
- A biblioteca encargarase de facer os préstamos de libros, etc., que se precisen para levar a cabo esta actividade, xa sexa por medio da biblioteca de aula -con libros prestado da biblioteca do centro- ou por medio do expositor itinerante
- Estes libros poderán ser levados para a casa durante o fin de semana ou nas vacacións, se este é o desexo do alumnado. Mais, estes alumnos, á volta ao Instituto, deberán ter un libro para ler na aula, xa sexa o mesmo ou outro.

- O profesor encagarase de que os libros queden colocados no seu sitio.
- Como calquer outra actividade, lectiva ou non, esta está suxeita ás normas de discipliña do centro.

5. Coordinación

- a) O PLC confecciónase e revisase por todo o equipo docente a través dos departamentos, o equipo de biblioteca, orientación e normalización lingüística. Agora ben, a coordinación do Proxecto Lector do Centro debe ser preferentemente responsabilidade do encargado da biblioteca escolar. Coherentemente con isto, no IES Xosé Neira Vilas o responsable da coordinación do Plan Lector será D. Fernando Vidal Meijón, profesor de filosofía con destino definitivo no IES Xosé Neira Vilas, actual integrante do Equipo de Biblioteca e futuro responsable da biblioteca do centro.

b) As funcións e responsabilidades do coordinador para a dinamización e impulso do proxecto lector son:

- Estudar medidas para mellorar o equipamento da biblioteca do centro
- Facer unha análise das necesidades formativas dos docentes en esta cuestión
- Contactar cos alumnos co fin de motivalos, convencelos de que lerán conforme aos seus gustos e as súas posibilidades de comprensión lectora.
- Crear documentos para a xestión educativa da lectura: (ver anexos e Clube de Lectura).
- Crear unha base de datos cos títulos dispoñibeis
- Adquirir os libros necesarios para aumentar os fondos da biblioteca, unha consultados outros membros da comunidade escolar
- Convertir a biblioteca nun lugar vivo, nun punto de información lectora e nun aula de lectura, para o que resulta imprescindible que permaneza aberta toda a xornada escolar
- Poñer a disposición do profesorado recursos informáticos e páxinas electrónicas para o desenvolvemento da lectura na aula.

4. A biblioteca como centro do Proxecto Lector do Centro e a participación do profesorado

Despois do dito nas páxinas anteriores, debería quedar claro que a biblioteca ten que ser o centro dun proxecto lector que realmente se realice na práctica e non quede no caixón das intencións. Mais, para que aquela cumpla co papel que lle temos reservado, debe ter o apoio dos departamentos didácticos e do profesorado que os integran:

- Os departamentos deberán centralizar na biblioteca a maior parte dos seus fondos e materiais
- Os departamentos deben fazer aportacións, por exemplo, a través da CCP, para establecer criterios de selección de libros, materiais audiovisuais, informáticos, etc.
- O profesorado debe recomendar lecturas, etc, relacionadas coa a materia que imparte.
- Finalmente, pero non menos importante, o profesorado debe utilizar a biblioteca como o mellor apoio para a aprendizaxe da súa metería

Pola súa banda a biblioteca debe:

- Organizar axeitadamente os seus fondos e facilitar o catálogo informatizado destes aos distintos departamentos e o profesorado en xeral.
- Difundir as novas adquisicións e/ou aportacións con relativa frecuencia.
- Orientar ao profesorado en todo o relativo á realización do proxecto lector.

V. O PLAN ANUAL DE LECTURAS

Tal e como ordena o Decreto 133/2007, o Proxecto Lector de Centro servirá como base e referencia para o desenvolvemento do Plan Anual de Lecturas, que se incluirá na programación xeral anual. O seu deseño e posta en marcha son competencia de todo o equipo docente e estarán coordinados preferentemente pola persoa responsable da biblioteca escolar.

1. Organización (quen debe elaboralo e poñelo en práctica)

- .Corresponde ao Equipo Directivo emprender as accións (convocatorias de claustros, reunión de CCP, reunións de titorías,...) para dirixir a posta en práctica do Proxecto Lector e do Plan Anual de Lecturas.
- Ao inicio do curso os profesores integrantes dos distintos departamentos reuniranse, dirixidos polo Xefe de Departamento, para concretar as actividades que desenvolveran, de acordo co PLC, para fomentar a lectoescritura, o seguimento destas actividades e para fixar os criterios de avaliación da comprensión lectora e da expresión escrita do alumnado
- Estas actividades e criterios deberán figurar nas programacións didácticas
- Corresponde a CCP supervisar o Proxecto Lector e facer o seguimento do Plan Anual de Lecturas. Con este obxectivo, a CCP elaborará un informe trimestral do seguimento do Plan Anual de Lecturas do centro. Asemade, ao remate do curso fará unha memoria cos datos de todo o ano, que valore o cumprimento e o éxito do Plan Anual de Lecturas e a idoneidade do PLC. A partir desto, faranse as proxecións cara ao curso seguinte.

2. Difusión

- A través das titorías explicarase o Plan Anual de Lecturas ao alumnado

- Cada profesor informará e explicará ao seu alumnado as actuacións de fomento da lectura proxectadas na súa materia en particular
- O Equipo Directivo informará ás familias a través dun folleto, conxuntamente coas normas do centro e o calendario escolar
- A través da páxina web os distintos departamento poden facer públicas as actividades proxectadas para o fomento da lectura e da escritura.

3. Recomendacións e suxestións

- Elaborar estratexias de lectura a partir dos obxectivos que queremos acadar. É dicir, segundo o nivel no que traballamos e o obxectivo que persigamos -aumentar o vocabulario, aprender a extraer conclusíons, a diferenciar as ideas principais das secundarias, etc., etc., -debemos elaborar unha estratexia de lectura e/ou escritura cun antes, un durante e un despois da lectura. Un antes da lectura na que lle expliquemos ao alumno que queremos conseguir. Un durante no que interrumpiremos a lectura para que o alumno e a alumna fixe a súa atención no que queremos destacar. E un despois no que, a través de fichas, resumos, subliñado, etc. poidamos valorar a comprensión do texto.
- Exemplo de ficha.

<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> :	_____
título	_____
autora ou autor	_____
editorial	_____
<i>personaxes importantes</i>	_____
<i>o que máis me vai gustando</i>	_____
<i>o que menos me vai gustando</i>	_____
<i>o que non entendo</i>	_____
<i>o que me gustaría que pasase</i>	_____
<i>o que cambiaría eu</i>	_____
<i>o que eu escribiría doutra maneira</i>	_____
<i>tema</i>	_____
<i>algo máis?</i>	_____

- Para aqueles alumnos e alumnas que non gusten nada da lectura pode ser unha boa táctica para ilos introducindo facerlle comentar imaxes: fotografías, carteis, publicidade en prensa, reproducións de arte, etc.
Exemplos:
 - Poñerlle imaxe a un texto curto.
 - Poñerlle pé a unha fotografías
 - Elaborar titulares para unha noticia
 - Elaborar un cartel para un evento
 - Etc., etc.

- En relación co fomento da escritura, polo menos nos niveis máis baixos, son ben coñecidas técnicas como:
 - Textos mutilados nos que se teñan eliminado palabras ou frases que o alumno ten que completar
 - Textos sen conectores que os alumnos e alumnas teñen que poñer
 - Etc., etc.

VI. O PAPEL DAS FAMILIAS NO PROXECTO LECTOR E NO PLAN ANUAL DE LECTURAS

Deciamos na Introducción que o proxecto lector do centro debe propiciar tamén a participación das familias na creación dun ambiente lector no centro e fora do centro, prolongando este máis alá do límite das aulas. Por iso, resulta fundamental a elaboración de actuacións que teñan como obxectivo á implicación das familias, de facelas protagonistas activas cara a desenvolver hábitos lectores arraigados no alumnado, mediante a lectura na casa, a utilización de bibliotecas públicas, etc.

- ◆ Nas reunións do equipo directivo e dos tutores coas familias do alumnado incorporar como apartado a tratar sempre, dende a primeira reunión, a importancia da lectura e da escritura para o bo desenvolvemento académico e persoal dos seus vástagos.
- ◆ Propoñér as familias e responsabeis dos alumnos e alumnas, especialmente aos de primeiro ciclo, un rato -de 15 a 30 minutos mínimo- de lectura diaria con eles.
- ◆ Informar as nais, pais e responsabeis legais do alumnos e alumnas das actividades e proxectos que se van desenvolvendo en relación coa lectura e outras actividades culturais no Instituto e animalos a participar

- ◆ Explicar os aspectos os que debe prestar máis atención

b)Despois da proxección ou audición

- ◆ Elaboración de fichas segundo o carácter do audiovisual, pero nas que sempre debe aparecer os rasgos identificativos do documental, película, ... e unha análise esquemática do contido.
- ◆ Elaboración de resumos
- ◆ Establecer relacóns coa materia a desenvolver

VIII. AVALIACIÓN

1. Por que avaliar

A avaliação cualitativa do proxecto lectoescriptor debe propiciar que todos os sectores implicados manifiesten sus opinións e valoraciones, a través de entrevistas, enquisas, reunións, etc. Conseguimos deste xeito explicitar e dedicar un tempo para reflexionar e extraer consecuencias. Esto permite que a información recopilada non se perda e poida ser consultada e utilizada cara a novos proxectos.

2. Cando avaliar e quen avalia

- ◆ A avaliação debe ser un proceso continuo e actualizado; debe ser unha crónica do desenvolvemento do Proxecto que se recollerá trimestralmente nos departamentos a partir dos datos aportados polo profesorado.
- ◆ Trimestralmente a CCP elaborará un informe que recolla os datos aportados polos distintos departamentos
- ◆ Ao remate do curso a CCP elaborará as conclusións globais a partir dos datos obtidos ao longo do curso, coa finalidade de acometer as melloras pertinentes ao curso seguinte.

3. Que avaliar:

- ◆ Respecto do PLC
 - Cumprimento de obxectivos
 - Apoios recibidos da biblioteca escolar para a implementación do PLC
 - Grao de utilización do servicio de préstamos da biblioteca escolar
 - Información suministrada pola biblioteca ao profesorado e ao alumnado cara a implementación do PLC
 - Uso e organización da biblioteca

◆ **Respecto ao profesorado**

- Uso da biblioteca nas súas programacións de aula e de materia.
- Consultas realizadas ao/s responsable/s da bibliotec cara ao fomento da lectura, búsqueda de información, etc.
- Grao de implicación nas actividades programadas pola biblioteca do centro
- Uso das TIC.

◆ **Respecto das familias e do contorno.**

- A información transmitida das actividades programadas no Plan Anual de Lecturas
- A colaboración das familias na consecución dos obxectivos do Plan Lector do Centro.

◆ **Respecto do alumnado**

- O progreso realizado polo alumnado na adquisición de hábitos e habilidades lectoescritoras nas avaliacións ordinarias
- O progreso nas habilidades e hábitos lectoescritoras dos alumnos e alumnas entre a avaliação inicial e a final.